

# **A eurocidade Cerveira-Tomiño e a AECT Rio Minho reclaman un plan de recuperación específico para o territorio transfronteirizo**

Os plans de recuperación post COVID19 deben ter unha liña de apoio específica para os concellos limítrofes coa fronteira Portugal-España, xa que neles dáse un dobre impacto negativo: ao derivado da COVID19, como no resto do territorio, súmase a penalización provocada pola restauración das fronteiras para o territorio transfronteirizo. Esta é a principal conclusión da xornada de traballo mantida hoxe en Tomiño para analizar medidas de recuperación e impulso á cooperación transfronteiriza tras a crise da COVID 19, coa participación da alcaldesa de Tomiño, Sandra González, o director da AECT Rio Minho, Uxío Benitez, o vicedirector desta entidade, tamén presidente da Cámara de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, xunto con directivos da AECT Galicia-Norte de Portugal e máis o Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesus Gamallo.

Os responsables dos concellos de Tomiño e Vila Nova de Cerveira enfatizaron a necesidade de que as autoridades españolas e portuguesas acorden esa liña específica de apoio aos territorios de fronteira na próxima cimeira hispano-lusa.

*Analizan en Tomiño as prioridades e propostas para presentar aos estados, á dirección xeral de relacións exteriores da Xunta de Galicia e á eurorexión Galicia-Norte de Portugal para o territorio transfronteirizo*

Neste sentido, tanto Sandra González como Fernando Nogueira lembraron a importancia de recoñecer a singularidade da realidade educativa, socioeconómica, cultural e comercial das Eurociudades, tras *“o esforzo realizado nos últimos anos para non duplicar servizos, atendendo a criterios de eficiencia e aos principios promovidos desde a Unión Europea”*, o que se viu gravemente comprometido por un peche de fronteiras que ignorou estas situacións particulares.

Desde a AECT Rio Minho, que engloba os 26 concellos do territorio de fronteira galego portugués do Alto e Baixo Miño, con máis de 370.000 habitantes, propúxose *“considerar os obxectivos e prioridades da Estratexia 2030 do Río Miño Transfronteirizo como base para o impulso dun Investimento Territorial Integrado (ITI)”*, un instrumento de financiación específico para o territorio fronteirizo, financiado con fondos europeos e de ambos estados, para ser xerido polas entidades locais de cooperación territorial e, en particular, pola AECT Río Minho, en colaboración coas Eurociudades e autoridades da Eurorrexión. *“As Eurociudades e a AECT Rio Minho amosaron a súa capacidade para detectar os problemas que sofren os veciños e veciñas do territorio fronteirizo e son as mais indicadas para a xestión da pos pandemia”*, subliñouse hoxe.



***Proporase a creación dunha tarxeta cidadá transfronteiriza para simplificar trámites e mobilidade***

Entre as iniciativas dirixidas a evitar no futuro os prexuízos do peche de fronteiras, destacou a proposta da AECT Rio Minho da creación dunha tarxeta cidadá transfronteiriza que poida contribuír á simplificación de trámites e facilitar a mobilidade para os habitantes do territorio.

Finalmente, os responsables da Eurocidade Cerveira-Tomiño e os directivos da AECT destacaron a importancia do territorio transfronteirizo do Río Miño como evidencia da vitalidade tanto das relacións entre Galicia e Portugal como da vontade de asentar unha cooperación estratéxica entre os habitantes e institucións eurorrexionais.

---

# Os alcaldes de ambas marxes do Miño propoñen a posta en marcha dunha 'tarxeta cidadá transfronteiriza' para evitar que se repitan os problemas do peche da fronteira con Portugal

O AECT Rio Minho propuxo hoxe a posta en marcha dunha 'tarxeta cidadá transfronteiriza'. Esta facilitaría a vida da cidadanía de ambos lados do Miño e evitaría que se repitan, entre outros, os problemas de mobilidade derivados do peche da fronteira con Portugal pola crise da COVID-19 para as persoas traballadoras. O AECT realizou esta proposta nunha comparecencia conxunta das alcaldesas, alcaldes e presidentes de câmara dos concellos do territorio miñoto na que se parabenizaron da vitoria conseguida ao terse autorizado a apertura das pontes de Arbo-Melgaço, Salvaterra-Monçao e Tomiño-Cerveira con fins laborais desde o día de hoxe, tal e como viñan reclamando con protestas durante as últimas semanas.

Segundo destacou o máximo dirixente do AECT é necesario desenvolver cara o futuro, e como iniciativa novidosa, un proxecto piloto para crear unha 'tarxeta cidadá transfronteiriza' que identifique a todas as persoas que viven no territorio *"e que facemos a nosa vida, traballo, o noso lecer indistintamente de que esteamos nun estado ou noutro"*,

para que no futuro, se se volven ter que pechar as fronteiras, o peche non sexa efectivo para esa xente e se permita a mobilidade transfronteiriza *“promovendo deste xeito unha cidadanía europea real”*.

***O AECT Rio Minho solicita aos gobernos “medidas económicas compensatorias” para reactivar o territorio miñoto con fondos europeos, estatais e rexionais***

Indicou tamén que a crise do coronavirus vai traer unha crise económica importante que no territorio do Miño vai a ser dobre pola decisión de pechar as fronteiras o 17 de marzo. Por este motivo, instou ás autoridades rexionais, estatais e europeas a que instrúan os procedementos económicos necesarios para que se compense ao territorio miñoto por ter tido as fronteiras fechadas igual que se tiveran centos de anos atrás. *“As autoridades teñen que compensar a estes territorios porque nos impediron relacionarnos comercial e economicamente cos veciños do lado”*, destacou.

De feito, puxo sobre a mesa a demanda de que no próximo cadro de fondos comunitarios 2021-2027 se faga un Investimento Territorial Integrado (ITI) no río Miño e se dediquen diferentes tipos de fondos –estatais, rexionais e europeos– a facer un investimento enfocado no territorio *“porque entendemos que é un territorio con moitas posibilidades de desenvolvemento socioeconómico e hai que reactivalo”*. Lembrou tamén que a fronteira entre Pontevedra e Portugal *“é a máis dinámica social e economicamente e non se pode permitir que estea afogada durante todos estes meses co muro de Berlín que nos puxeron aquí”* e destacou que esa demanda *“nos vai ocupar o tempo de aquí en diante”*.

***“A fronteira entre Pontevedra e Portugal é a máis dinámica social e economicamente e non se pode permitir que estea***

*afogada durante todos estes meses”.*

O AECT Rio Minho realizou estas propostas hoxe desde o medio da ponte internacional entre Arbo e Melgaço, para facer unha valoración da apertura de pasos tanto en Arbo-Melgaço, como en Salvaterra-Monçao e Cerveira-Tomiño. O director do AECT manifestou que “para nós, o AECT e os concellos, a apertura dos pasos é unha boa noticia e unha pequena vitoria do territorio do río Miño, porque conseguimos anticipar 15 días e aliviar 15 días a economía de moitas traballadoras e traballadores que poden xa pasar por estas tres pontes e non ter que dar rodeos quilométricos”.

Destacou que as protestas das alcaldesas, alcaldes e presidentes das câmaras fixeron que se puxeran de acordo dous gobernos de dous estados. *“Facemos unha valoración positiva porque conseguimos poñer no mapa o territorio e na axenda dos dous estados o problema que hai para milleiros de persoas”,* destacou, indicando que a reapertura dos pasos para as persoas traballadoras non soluciona todos os problemas. *“Temos a problemática do comercio transfronteirizo, negocios e comercios que están nun lado do río pero viven, teñen boa parte da súa clientela nos veciños e veciñas do outro lado do río, e non poden recibir ás e aos seus clientes porque non lles está permitido o paso. Iso seguiremos a reivindicalo hoxe e de cara ao futuro, poñendo propostas sobre a mesa”,* resaltou lembrando a ‘tarxeta cidadá transfronteiriza’.

Pola súa banda o alcalde de Arbo, Horacio Gil, salientou tamén a vitoria de que se reabrise ao tránsito unha ponte como a do seu concello *“que tardamos tanto ás autoridades para que se construíse”.* Resaltou que agora volvéronse convencer da necesidade de reabrir entre os dous países con motivos laborais, pero destacou o seu convencemento de que se comprenda tanto en Madrid como en Lisboa *“que o fluxo debe ser*

*o de sempre e non se volva reproducir esta situación“.*

***“Facemos unha valoración positiva porque conseguimos poñer no mapa o territorio e na axenda dos dous estados o problema que hai para milleiros de persoas“.***

O presidente da câmara de Melgaço, Manoel Batista, quixo poñer de relevo a importancia do AECT Rio Minho na consecución da reapertura dos pasos fronteirizos. Indicou que nalgún momento houbo dúbidas sobre a efectividade da institución, *“pero agora queda xa fóra de toda dúbida a súa importancia“*, pola eficacia do traballo feito na problemática da fronteira, e pola existencia dun plan estratéxico estruturado e accións concretas para o territorio.

No acto de hoxe estiveron presentes as alcaldesas de Tomiño, O Rosal, Salvaterra de Miño, As Neves, A Guarda, e Arbo; os presidentes de câmara de Melgaço, Cerveira, Valença, Monçao, así como o vicepresidente de Caminha.

---

**“Só queremos que abran os  
pasos para as persoas**

# **traballadoras transfronteirizas. Non pedimos máis que nos deixen sobrevivir”**

**O AECT Rio Minho, alcaldesas, alcaldes e presidentes das cámaras miñotas volveron reivindicar onte cunha protesta na ponte internacional entre Salvaterra e Monçao a urxente reapertura de pasos para as persoas traballadoras transfronteirizas.**

*“Só queremos que abran os pasos para as persoas traballadoras transfronteirizas. Non pedimos máis que nos deixen sobrevivir”.* Así de clara e desesperada foi a reivindicación que onte novamente realizaron as alcaldesas, alcaldes, presidentes de cámaras miñotas e o AECT Rio Minho, nunha nova protesta para reivindicar a apertura de máis pasos na fronteira. Esta vez foi no medio e medio da ponte entre Salvaterra de Miño e Monçao, pechada o 17 de marzo e pola que ata entón pasaban 10.000 vehículos ao día.

O AECT Rio Minho, quixo aclarar que a reivindicación non se trata de abrir ao turismo con carácter xeral os dous países: *“Nós estamos a reivindicar algo moito máis xusto e moito menos preocupante desde o punto de vista sanitario. Simplemente estamos a reivindicar que as cidadás e cidadáns europeos transfronteirizos poidan facer a súa vida natural neste territorio transfronteirizo, que non teñan que desprazarse distancias quilométricas cando teñen unha ponte próxima pola que poderían facer ese paso”*, destacou.



A solución é unha cuestión de medios. Colocando persoal do Estado nas pontes de Salvaterra de Miño-Monçao, Arbo-Melgaço, Cerveira-Tomiño e na ponte vella de Tui *“para que os traballadores e traballadoras transfronteirizos non teñan que dar voltas quilométricas cos custos económicos que iso trae”*. *“Tamén demandamos –dixo– para a xente que vivimos aquí, que haxa unha desescalada coordinada e que comercios que agora están pechados porque non poden abrir para os seus clientes do outro lado, que estes poidan pasar”*.

Se trata de reivindicacións moito máis xustas e moito menos complexas que a reapertura para o turismo. *“Hai moitísima xente que vive e traballa no outro lado. Moitísima xente cun negocio que vive da xente do outro lado. Iso é do que estamos a falar. De que este territorio transfronteirizo se nos abra para poder seguir vivindo e traballando”*, insistiu, para advertir que de non atenderse as demandas, seguirase co calendario de reivindicacións.

Desculpou a non asistencia no acto o alcalde da Guarda, estando presentes as alcaldesas de Tomiño, O Rosal, Salvaterra de Miño, e os alcaldes de Tui, Arbo, As Neves, presidentes de Melgaço, Monçao, Valença, Cerveira e Caminha. Tamén estiveron presentes unha traballadora e un traballador que exemplificaron as dificultades que existen por ter un único paso habilitado na fronteira e a necesidade da reapertura de máis pasos para as persoas traballadoras.

Pola súa banda, Cecilia Puga, cabeleireira de Arbo que ten un salón de peiteado en Melgaço –Portugal– desde hai 19 anos, explicou que diariamente trasladarse ao seu traballo lle leva seis minutos, mentres que agora se ve obrigada a facer diariamente unha hora e media ou dúas horas e dependendo de quen estea na fronteira. *“A semana pasada tardei cinco horas en chegar ao meu traballo porque a señora da fronteira emperrouse en que os meus papeis non servían”*, apuntou, para destacar que *“simplemente pido que me deixen traballar”*.

*“Xa sabemos que ao mellor é demasiado pronto para abrir a todo o público, pero polo menos aos traballadores que de todas as formas estamos pasando, que nos deixen pasar polos nosos pasos habituais. Trátase de poñer medios. Se non chega coa policía ou o que teñan, que poñan ao exército, pero que deixen aos traballadores e traballadoras pasar para os seus postos de traballo. Eu se teño que facer estes quilómetros nunca na vida tería posto o meu negocio aí. É unha loucura”, relatou.*

Puga explicou tamén que a día de hoxe está a traballar a medio gas, despois de estar un mes e medio pechados, porque ten a metade da clientela. Só a portuguesa porque a española non pode ir ao negocio. *“Coma a min pásalle a toda a xente en Melgaço. É unha pobreza para a zona. Os restaurantes algúns nin abriron porque dependen da clientela galega e ao non ter aos galegos non lles paga a pena abrir. Gastan máis en luz do que ingresan. A miña vida cambiou moitísimo”, finalizou.*

Pola súa parte, Vítor, un feirante portugués, destacou que a situación de peche da fronteira é unha loita *“que nos sentimos incapaces de superar nestes momentos”*. *“É moi duro vivir coas fronteiras pechadas porque está a ser un colapso económico na raia miñota. Falo no meu caso propio pero tamén na voz dos colegas que nestes momentos xa pasan por dificultades e non van conseguir reabrir os negocios se as fronteiras non abren de maneira urxente”, salientou.*

Explicou que no seu caso, como comerciante, o 80 % da facturación depende de España, polo que pediu volver á vida social e empresarial de inmediato, *“xa que é o medio de sustento para sobrevivir. Temos comercio e industria. Temos traballadores que onde facían 2 quilómetros agora fan 100. Moitos deixaron o traballo porque o que gañan non da para os transportes. Poñan a man na conciencia porque de continuar así*

*vai ser unha desgraza financeira. Estamos a atravesar unha fase moi grave. Somos persoas que dependen moito da fronteira. Abran as fronteiras por favor”, clamou.*

### ***Madrid e Lisboa descoñecen a realidade transfronteiriza***

O presidente da cámara de Monçao, Antonio Barbosa, tamén foi claro no seu argumento. Indicou que as fronteiras deben ser unha riqueza, pero hoxe son absolutamente o contrario. *“Este territorio é exemplo de como en pouco tempo se pode aniquilar unha economía local”,* dixo, para cuestionarse como non é posible garantir dous os tres puntos máis de paso para garantir a circulación entre ambos lados. *“Non estamos a falar de turismo, estamos a falar de supervivencia de pobos que viven naturalmente xuntos. Pedimos dunha vez por todas que se abra, que haxa coordinación entre os estados e que se permitan as relacións transfronteirizas normalizadas. As fronteiras e a unión dos pobos non pode servir só en determinadas circunstancias. Non pedimos máis que sobrevivir. Pedimos a apertura con desespero”,* resaltou.

Finalmente, a alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, destacou a fronte común feita polas alcaldesas e alcaldes dun lado e outro da raia para facer *“un chamamento á cordura e á sensatez”* con respecto á apertura de pasos para a xente traballadora. *“Pedímoslle aos gobernos algo tan esencial como que coñezan a realidade do seu territorio. As medidas que se están a tomar aquí son consecuencia do descoñecemento da riqueza e da idiosincrasia deste territorio”,* destacou.

Valcárcel lembrou que o 50 % do tránsito entre España e Portugal no Miño pasa pola fronteira pontevedresa. *“Non é normal que metamos todo ese tráfico nun só paso. Iso está facendo retencións de máis de dúas horas. Estamos a trasladar o peso económico de toda esta pandemia ao sector máis*

*desprotexido: as traballadoras e traballadores transfronteirizos”, dixo, para insistir en que “somos pobos irmáns e queremos seguir traballando nesa unión, que é unha realidade para nós. Non pode ser que á primeira de cambio montemos un muro”, finalizou.*

---

## **Os concellos do Miño lanzan un S.O.S simbólico dende a Ponte da Amizade para reclamar a apertura de máis pasos na fronteira**

Os concellos da fronteira do Miño, da man dos seus alcaldes e alcaldesas e do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial (AECT) Rio Minho, lanzaron onte un S.O.S. simbólico dende a Ponte da Amizade para reclamar a apertura de máis pasos na fronteira que faciliten a mobilidade das e dos traballadores a ambos lados da ‘raia’.

A de hoxe foi a primeira protesta das e dos rexedores, que consideran “*inxusto*” que a fronteira que asume o 50% de todos os tránsitos en España e Portugal só teña habilitado un paso en Tui-Valença. Aseguran que a solución pasa se unicamente por poñer medios: controis da Garda Civil e dos GNR. “*Mantendo todas as garantías, todos os controis sanitarios, pedimos máis pasos abertos*”, subliñaron.

*O AECT Rio Minho asegura que a solución é unha “simple cuestión de medios” para os estados español e portugués: poñer controis con garda civil e GNR nos pasos máis transitados*

O acto reivindicativo destacou por ser a primeira acción conxunta das e dos 13 rexedores de ambos lados da fronteira (mandatarios de A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui, Salvaterra, As Neves, Arbo, Crecente, Caminha, Cerveira, Valença, Monçao e Melgaço), ao que tamén se sumou o de Paredes de Coura (o '14'). A través dos seus voceiros manifestaron que continuarán coas protestas ata seren escoitados, tamén implicando á cidadanía, e incluso se negarán a celebrar a centenaria tradición do Acto de Recoñecemento de Fronteiras, ata que os gobernos centrais e responsables políticos escoiten e dean solucións ás súas reivindicacións.

O AECT Rio Minho, lembrou que o 17 de marzo pecharon as fronteiras deixando unicamente 9 pasos abertos entre ambos estados, só permitindo o de Tui-Valença no Miño pontevedrés. Destacou a importancia da fronteira do Miño, que **con 70 quilómetros dos 1.200 de toda a ‘raia’ entre España e Portugal, un 5%, asume o paso do 50% dos vehículos de España e Portugal.** “Estes alcaldes e alcaldesas representan unha poboación de 150.000 habitantes. Estamos a falar da fronteira con maior dinamismo social e económico de toda Europa”, subliñou.

O AECT Rio Minho tamén destacou que a reclamación para a apertura de máis pasos na fronteira para traballadores vén xa do 28 de abril, cando os concellos fixeron unha declaración conxunta que se remitiu á Xunta, e aos gobernos centrais español e portugués.

*“Queremos a apertura total para os traballadores transfronteirizos nos pasos. É unha cuestión de medios, de ter*

*gardas civiles e GNR a controlar o paso transfronteirizo igual que en Tui e Valença”, destacou o AECT Rio Minho, que subliñou que nestes momentos estase a trasladar á xente traballadora o custe económico de aumentar en centos os quilómetros para ir traballar.*

Outra das demandas é que a desescalada se faga coordinadamente para que haxa coherencia entre un lado e outro da fronteira. *“Non ten sentido que se permita abrir a Fortaleza de Valença do Miño cando non poden pasar os clientes de toda a vida que son a xente galega”.*



Pola súa parte, o vicedirector do AECT Rio Minho e presidente da Cámara de Vila Nova de Cerveira. Fernando Nogueira, destacou que a protesta se debe a que *“sentimos que estamos a ser obxecto dunha inxustiza tremenda por parte dos nosos Estados. Non están a darnos a atención que merecemos”.* Salientou que dos 64 pasos que existen entre España e Portugal, os cinco con máis movemento de vehículos están no río Miño: a primeira Tui-Valença, a segunda Salvaterra-Monçao

e a quinta Tomiño-Vilanova de Cerveira.

*“Na miña opinión non estamos a salvagardar nin cuestións económicas, dende logo, nin moito menos cuestións sanitarias, porque se tivemos máis fronteiras abertas poderíanse controlar moito mellor quen pasa que xuntando todo nun único paso, coas aglomeracións e as colas interminables que vemos en Valença Tui”, insistiu, para finalizar asegurando que a día de hoxe “as dúas marxes están totalmente espidas. Os galegos non viven sen os portugueses e os portugueses non viven sen os galegos. A nosa economía está completamente morta. Os nosos traballadores pasan calvarios para ir traballar. Canto máis deixemos caír a nosa economía máis difícil será o retorno. Queremos que haxa controis sanitarios, queremos que haxa seguridade, pero esiximos que nos deixen pasar, como mínimo aos traballadores de todos os sectores”, dixo.*

***Destacan que haberá maiores garantías de seguridade sanitaria se a circulación dos vehículos se fai a través de varias pontes en lugar de concentrar o tránsito en Tui-Valença***

En canto ás cifras de impacto económico, Nogueira salientou que o AECT Rio Minho encargou un estudo á Universidade de Vigo, pero á falta dos resultados, dixo, *“basta ser observadores para ver que está todo parado”*. Indicou que **só en Vila Nova de Cerveira hai 4.000 traballadores directos dos que mais do 20% son traballadores de Galicia**. *“Estes peches da fronteira son un problema. Os nosos gobernantes que están en Lisboa e Madrid aínda non coñecen esta realidade e non o ven como algo prioritario. A maioría das fronteiras non teñen a importancia económica que ten a do Miño”, finalizou.*



Pola súa banda, alcaldesa de Tomiño, Sandra González Álvarez, destacou dende a Ponte da Amizade que polo viaduto pasan 6.000 vehículos diariamente de xente que vai traballar, recibir servizos e comprar. *“Moitos nestes momentos están obrigados a trasladarse 100 quilómetro para ir a traballar, a pasar unha hora e media ou dúas horas na retención do control do paso, madrugar... Non pedimos excepcionalidades. Sabemos que a sanidade e a saúde é o primeiro. O que queremos é que non se repercutan os custes de non poñer uns guardas na fronteira sobre os traballadores transfronteirizos. Son eles os que pagan ese custe”*, insistiu.

A alcaldesa destacou que a día de hoxe, ante as manifestacións dos gobernantes dos gobernos centrais *“non vemos visos de solución”*. *“Só pedimos unha decisión administrativa: habilitar uns pasos transfronteirizos máis, sobre todo os de máis tráfico. É só poñer medios, incluso se pode poñer un horario. Calquera cousa que facilite que un traballador non teña que facer rodeos e retencións”*, destacou, advertindo que é normal que haxa retencións, porque a medida que aumenta a actividade económica *“cada vez máis tráfico, máis atasco, e a ponte de Tui Valença non dá para máis”*.



---

# **O empresariado da provincia do Alto Minho únese á reivindicación de abrir xa a fronteira con Portugal e activar instrumentos de compensación económica**

O empresariado da provincia de Pontevedra e do Alto Minho uniuse hoxe á reivindicación do AECT Rio Minho de abrir xa a fronteira con Portugal, facilitando a mobilidade co país veciño. Tamén apostan pola activación de instrumentos de compensación económica polas perdas producidas no territorio 'raiano' con motivo da crise derivada da COVID-19, que a agrupación transfronteiriza pretende concretar nun Investimento Territorial Integrado (ITI) para o territorio do Miño.

O “*apoio total*” ás reivindicacións púxose de manifesto hoxe nun encontro virtual no que participaron o director do AECT Rio Minho e deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez, co presidente da Confederación de Empresarios da Provincia (CEP), Jorge Cebreiros; o presidente da CEVAL (Confederación Empresarial do Alto Minho) Luis Ceia; e o presidente da Cámara de Comercio de Tui, Gumersindo Alonso, xunto co profesor Martínez Cobas, autor do estudo de impacto

económico encargado polo AECT á Universidade de Vigo. Todos eles coincidiron na situación “*tremenda*” que están a vivir empresarios e empresarias da fronteira, así como as súas traballadoras e traballadores, xa que sofren unha actividade totalmente mermada pola existencia dun único paso transfronteirizo, e a obriga de dar rodeos de 100 quilómetros para acudir aos seus postos de traballo.

*O AECT Rio Minho reuniuse hoxe cos presidentes da CEP, da CEVAL e da Cámara de Tui, que aseguraron que o impacto na actividade da zona é “tremendo”*

Jorge Cebreiros felicitou ao AECT pola iniciativa de ter encargado o estudo, e destacou que a realidade económica da fronteira do Miño revela o seu dinamismo. Subliñou que **os 70 quilómetros dos 2.000 de toda a fronteira entre España e Portugal concentran o 50% do tráfico transfronteirizo.** “*Este dinamismo xa debería ser suficiente para ter un tratamento asimétrico. Que só estea habilitado un paso en Tui-Valença para o 50% do tránsito non é nin xusto nin proporcional*”, subliñou, lembrando que a situación crea transtornos tanto para o tráfico de persoas, como de mercadorías como, nomeadamente, do turismo.

“*Téñense que abrir xa todos os pasos da fronteira. Non hai razóns obxectivas para o peche*”, subliñou, para insistir en que se están a poñer trabas continuas á potencia económica que é a provincia. “*Por unha vez non estamos nun problema norte/sur. Estamos nun problema centro/periferia, porque nin Lisboa nin Madrid saben o que é a fronteira. Non coñecen o grandísimo dinamismo nin a nosa realidade económica. Está claro que logo de avaliar o impacto económico, haberá que habilitar instrumentos de compensación*”, finalizou.

*Os empresarios subliñan que nin Madrid nin Lisboa coñecen a*

*economía da 'raia': "Ter aberto un só paso nin é xusto nin é proporcional"*

Pola súa banda, Luis Ceia, presidente de CEVAL, tamén manifestou o seu total acordo coa necesidade de abrir xa a fronteira con Portugal. Destacou que é preciso mellorar a mobilidade raiana con urxencia porque según os datos publicados, entre o 16 de marzo e o 29 de maio cruzaron o único paso habilitado unhas 200.000 persoas. *"As empresas e as actividades na fronteira están a ter problemas. Está claro o exemplo do comercio da Fortaleza, que non ten clientes. A esa xente haina que compensar dalgún xeito"*, sinalou.

Tamén na mesma liña se significou o presidente da Cámara de Comercio de Tui, Gumersindo Alonso, quen puxo sobre a mesa as constantes dificultades que supón a volta á normalidade nunha situación de peche da fronteira. *"É lamentable que a grande mobilidade que temos, máis do 50% do tráfico, non teña peso específico para que se abran máis pasos"*, destacou, para facer fincapé no custe de tempo e cartos que supón a existencia dun só paso para persoas traballadoras da 'raia' e as súas empresas.

Alonso puxo tamén o foco no turismo e salientou que supón o 13% do PIB en Galiza e o 12% da ocupación, datos que segundo dixo son máis significativos se se cinguen á provincia de Pontevedra. *"A tempada está aí. Non hai peregrinos, non hai xente de fóra. Temos que coidar o transfronteirizo e facer unha grande campaña de promoción turística para animar á xente da Eurorrexión"*, finalizou.



Pola súa parte, o AECT Rio Minho, manifestou o seu agrado pola reunión co empresariado. Destacou que o posicionamento conxunto de todos os sectores afectados polo peche da fronteira fará unha maior forza ante *“os e as que teñen que dar a solución deste ‘sen sentido’”*. Insistiu en que o AECT seguirá dando os pasos precisos en todos os ámbitos.

Ademais da reunión de hoxe entre o AECT Rio Minho e o empresariado, o director do agrupamento tamén manterá esta tarde un encontro cos alcaldes e alcaldesas da fronteira do Miño tanto da parte pontevedresa como lusa. Reuniranse para concretar as accións de protesta conxunta e inminente despois de que o ultimátum para a apertura de máis pasos fronteirizos con Portugal non fose atendido por ningunha das administracións competentes (abrindo, sen embargo, pasos con menos actividade en Ourense este luns). Como paso previo ás mobilizacións esta fin de semana o AECT colocou pancartas na ponte da Amizade en Goián co fin de facer visible a indignación de toda a cidadanía da ‘raia’.

---

## **O AECT e as Eurociudades do**

# **Miño estudan medidas de protesta para reclamar a apertura urxente de pasos na fronteira con Portugal**

**A**  
**directiva da agrupación transfronteiriza**  
**xunto aos mandatarios de Tui-Valença,**  
**Tomíño-Cerveira**  
**e Salvaterra-Monçao mantiveron un**  
**encontro no que afirmaron que a situación**  
**“agrávase cada vez máis”**

**0**  
AECT Rio Minho e as Eurociudades do Miño acordaron hoxe nun encontro adoptar medidas contundentes de protesta para reclamar a apertura urxente de pasos na fronteira con Portugal. Segundo explica o director da agrupación transfronteiriza e deputado provincial Uxío Benítez, a situación estase volvendo “insostible”, xa que o territorio do Miño está ‘afogado’ pola existencia dun único paso na fronteira en Tui-Valença debido ás restricións de mobilidade impostas pola COVID-19, o que imposibilita o mantemento das intensas relacións socioeconómicas entre ambas marxes do río.

Na

reunión de hoxe estiveron presentes o director do AECT, Uxío Benítez; o vicedirector, Fernando Brito Nogueira, así como alcaldes e alcaldesas dos concellos de Tui (Enrique Cabaleiro), Tomiño (Sandra González) e Salvaterra (Marta Valcárcel), así como o presidente da Cámara de Vila Nova de Cerveira (Fernando Nogueira) e os vice-presidentes de Valença (Jose Temporão Monte), e Monção (João Oliveira). Todos os dixirixentes amosaron o seu fondo malestar pola restrición e a existencia dun único paso na fronteira, o que obriga a moitos traballadores e traballadoras transfronteirizos a dar rodeos de ata 200 quilómetros para acudir aos seus postos, coas perdas económicas e de tempo conseguintes.

Os mandatarios consideran que non é de recibo que a situación siga igual a día de hoxe que dende o inicio do estado de alarma, cando era preciso un confinamento estrito e unha restrición clara da mobilidade. Agora, subliñan, a situación tense modificado en xeral para alixeirar a mobilidade en ambos estados e tense demostrado a necesidade de máis pasos entre ambos países polo seu dinamismo económico conxunto.

Como argumento desa actividade, na reunión presentáronse os datos do último Observatorio Transfronteirizo España-Portugal (OTEP) publicado polos gobernos español e luso a finais de 2019 sobre a mobilidade na fronteira, que revelan que dos 60 pasos existentes entre España e Portugal, os de Tui-Valença, Tomiño-Vila Nova, e Salvaterra-Monção están entre os seis máis

poboados e suman, entre os tres, máis do 50% do tránsito de vehículos total.

Con este plantexamento, tanto o AECT como as Eurociudades, adoptaron o acordo de pasar á acción e plantexar medidas de protesta contundentes e visibles que chamen a atención sobre a situación – ademais de seguir traballando na vía administrativa para conseguir abrir un maior número de pasos e permeabilizar a fronteira-. Neste sentido, estanse a estudar fórmulas que, cumprindo os actos autorizados dentro da fase actual da desescalada, poñan de manifesto de xeito simbólico e chamativo o malestar tanto das e dos dirixentes como da cidadanía afectada. De feito, nos vindeiros días convocarase ao resto das cidades da 'raia' para consensuar as medidas de presión de maneira conxunta co fin de que teñan un maior respaldo.

As

e os dirixentes, subliñaron que a situación agrávase cada vez máis para toda a cidadanía transfronteiriza producíndose colas de ata dúas horas para realizar o paso entre ambos paíes, á vez que denunciaron que non hai coordinación entre os corpos policiais, así como que os problemas no sector do transporte son continuos. Lembran que non só están afectados polo peche da fronteira os traballadores e traballadoras, senón que tamén a cidadanía xeral, que habitualmente mantén relacións económicas e sociais estreitas que se ven imposibilitadas.

Hai que lembrar que o AECT Rio Minho, personalizado no seu director, Uxío Benítez, e no seu vicedirector, reuniuse nos días pasados co propio delegado do Goberno en Galicia, quen tramitou a solicitude de apertura de pasos aos Ministerios de

Sanidade e Interior sen ter aínda unha resposta frutífera. Tamén se realizou un encontro co secretario xeral da Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (ARFE) Martín Guillermo Ramírez, quen confirmou o traslado da protesta polo peche da fronteira á propia responsable da CE, Ursula Von der Leyen

O AECT iniciou as reclamacións da apertura de pasos formalmente coa sinatura dunha declaración formal o pasado 28 de abril por parte das alcaldesas e alcaldes da raia. O documento foi remitido ao goberno central e ás delegacións, á Xunta, así como a diversas entidades co fin de buscar solucións inmediatas para a grave situación socioeconómica.

---

**O AECT Río Miño consegue o compromiso do delegado do Goberno de interceder ante os Ministerios de Sanidade e Interior para abrir máis pasos na fronteira do Miño**

O director da agrupación europea, Uxío Benítez, manifestou a súa satisfacción pola “dilixencia” de Javier Losada e criticou que Feijóo aínda non teña



## **contestado á solicitude de reunión urxente**

### **Nos concellos da ribeira do Miño “viven 150.000 cidadáns e cidadás europeos e na área de influencia 400.000”, lembrou**

O director do AECT Rio Minho e deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, manifestou a súa “satisfacción” trala reunión co delegado do Goberno en Galiza, Javier Losada, a quen trasladou a petición da apertura de máis pasos na fronteira de Galiza – Portugal para aliviar a situación de milleiros de traballadores e traballadoras que só poden cruzar a ‘raia’ polo paso de Tui-Valença e realizan rodeos de ata 100 quilómetros. O delegado comprometeuse a interceder para solucionar a problemática, dixo Benítez, e agora é necesario ver como se resolven os trámites. Na reunión, ademais de Benítez estivo presente o vicedirector do AECT Rio Minho e presidente da cámara municipal de Vila Nova de Cerveira, Fernando Brito Nogueira, así como o secretario xeral da Delegación do Goberno en Galiza.

No encontro, Javier Losada afirmou que remitirá no día de hoxe un informe ao Ministerio de Sanidade -que capitanea o mando único no Goberno central durante a crise da pandemia-, e tamén ao Ministerio de Interior -responsable do control das fronteiras-. Nese documento, solicitarase ao Executivo madrileño que abra novas vías de conexión co país veciño e que teña en conta a problemática e particularidade da fronteira do Miño, a máis poboada e dinámica entre España e Portugal. Nese sentido, o deputado Benítez destacou que só os concellos da ribeira teñen máis de 150.000 habitantes, ampliándose ata 400.000 na área de influencia, “cidadáns europeos que viven na mesma fronteira do río e que teñen o problema de que teñen pechados os pasos fronteirizos”, lembrou.

O AECT comprometeuse a enviar toda a información da que dispón para xustificar a súa solicitude, principalmente o avance do estudo realizado pola Universidade de Vigo sobre o impacto socioeconómico do peche da fronteira, e un dossier sobre as casuísticas singulares que viven traballadores e traballadoras da zona. Esta documentación sumarase á xa remitida a finais de abril, coa declaración de todas as alcaldesas e alcaldes do territorio transfronteirizo, que xa entón solicitaban a apertura da fronteira e a coordinación entre os gobernos centrais de Madrid e Lisboa.

Así mesmo, o AECT trasladará tamén á Delegación do Goberno todos os pasos que vaia dando o Goberno portugués co fin de chegar a unha solución consensuada e coordinada. Nestes momentos, segundo Losada manifestou á directiva do agrupamento transfronteirizo que aínda non hai ningunha data oficial marcada para a reapertura xeral da fronteira.

Tras finalizar o encontro, Benítez manifestou a súa satisfacción pola rapidez coa que o delegado “nos deu a cita, a atención que nos prestou, e a dilixencia coa que vai remitir o informe”. Pola contra, foi crítico co presidente da Xunta, tamén presidente da Comunidade de Traballo Galiza e Norte de Portugal, ao que se lle fixo tamén o pasado sábado unha solicitude de reunión dende o AECT: “Non entendemos que non teña contestado á solicitude de reunión urxente, porque entendemos que esta problemática é clave para Galiza”, subliñou Benítez.

A Universidade de Vigo, hai que lembrar, realizou un estudo sobre o impacto económico do peche da fronteira pola COVID-19 a instancias do AECT e da Deputación de Pontevedra no que se indica que o territorio do Miño está a sufrir un dobre impacto económico: polo parón na actividade xeral con motivo da pandemia e pola súa situación como fronteira. Entre outras

cousas, dado que nestes momentos só está habilitado un só paso entre ambos países, traballadoras e traballadores teñen que dar rodeos de ata 100 quilómetros para acudir aos seus postos, algo que economicamente fai que nalgúns casos nin sequera sexa rendible.

---

## **O AECT Rio Minho pide unha reunión urxente con Núñez Feijóo para tratar as consecuencias do peche da fronteira**

O deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra e director do Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Rio Minho vén de solicitar esta mañá formalmente unha reunión urxente con Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, co fin de tratar as consecuencias do peche dos pasos na fronteira con Portugal para as poboacións do Miño.

Benítez lembra que o 28 de abril os alcaldes e alcaldesas dun e outro lado da 'raia' asinaron unha declaración conxunta e enviáronlla ao mandatario autonómico para solicitar a súa implicación na reclamación de medidas urxentes que permitan facilitar a mobilidade de traballadores e traballadoras fronteirizos con máis pasos, así como a coordinación dos gobernos competentes para equilibrar a ambos lados as actuacións da desescalada. Sen embargo, ata o de agora a AECT non recibiu ningún contacto por parte da Xunta nin se coñece

ningún movementado dado goberno autonómico para paliar os problemas no Miño, situación que contrasta coas reclamacións ante o Executivo central doutros gobernos autonómicos -como o de Extremadura-, que conseguiron máis vías abertas con Portugal practicamente dende o inicio do estado de alarma.

O deputado lembra que Núñez Feijóo debe ter un importante papel nesta situación xa que alterna na presidencia e vicepresidencia da Comunidade de Traballo de Galiza-Norte de Portugal. Este organismo foi creado nos tempos de Manuel Fraga coa finalidade de favorecer unha dinámica conxunta entre Galicia e o Norte de Portugal para coordinar iniciativas e examinar as posibilidades de solucionar os problemas comúns, ou de contribuír á súa solución por medio de acordos ou de recomendacións e propostas ás autoridades competentes. “Feijóo debe actuar pola importancia que ten para a Eurorrexión Galiza Norte de Portugal o peche de fronteiras. Apelamos á súa responsabilidade neste conflito e a que deixe de estar ausente”, indicou o nacionalista trala solicitude da reunión urxente con Núñez Feijóo.

## **O Agrupamento lémbrale que o 28 de abril as e os alcaldes de ambos lados da raia solicitaron a coordinación de gobernos na desescalada**

O responsable do AECT Rio Minho explica que de celebrarse a reunión telemática urxente con Feijóo, tamén estaría presente o vicedirector da entidade e presidente da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira, Fernando Brito Nogueira.

O AECT encargou á Universidade de Vigo un estudo sobre o impacto económico do peche da fronteira pola COVID-19 no que se indica que o territorio do Miño está a sufrir un dobre impacto económico: polo parón na actividade xeral con motivo

da pandemia e pola súa situación como fronteira. Entre outras cousas, dado que nestes momentos só está habilitado un só paso entre ambos países, traballadoras e traballadores teñen que dar rodeos de ata 100 quilómetros para acudir aos seus postos, algo que economicamente fai que nalgúns casos nin sequera sexa rendible.

Ante esta situación iniciáronse as reclamacións formalmente coa sinatura dunha declaración formal o pasado 28 de abril por parte das alcaldesas e alcaldes da raia. O documento foi remitido ao goberno central e ás delegacións, á Xunta, así como a diversas entidades co fin de buscar solucións inmediatas para a grave situación socioeconómica. Dende entón, estanse a celebrar unha serie de encontros con diferentes actores co fin de buscar unha solución inminente.

## **Apelan á súa responsabilidade como parte da cúpula da Comunidade de Traballo Galiza Norte de Portugal para adoptar unha postura activa na defensa dos intereses da Eurorrexión**

O último realizouse na tarde do xoves, cando o director e vicedirector da AECT se reuniron virtualmente co secretario xeral da Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (ARFE) Martín Guillermo Ramírez, que se comprometeu a dar a coñecer a situación á responsable da CE, Ursula Von der Leyen.

O director da AECT lembra que o treito pontevedrés supón o 5% da liña de fronteira con Portugal en todo o Estado Español, se ben asume o 49% de todos os tránsitos de vehículos e persoas. É unha das áreas transfronteirizas máis dinámicas economicamente de toda Europa (ao estar no eixo

Vigo-Porto), a que reúne máis poboación e, ao mesmo tempo, ten relacións sociais, culturais e lingüísticas moi profundas.

Segundo insiste o director da AECT, segundo pasan os días e a fronteira do Miño sigue mantendo un único paso aberto, a indignación medra tanto na poboación traballadora como nos representantes locais. Por iso, tamén se solicitará outra entrevista urxente co delegado do Goberno en Galicia, tamén coñecedor da declaración dos alcaldes e alcaldesas do Miño dende o pasado 30 de abril.

---

## **A problemática do peche da fronteira no Miño chega á presidenta da comisión europea Ursula Von der Leyen**

A problemática do peche da fronteira no Miño con motivo do COVID-19 chegará á mesa da presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen. O secretario xeral da Asociación de Rexiós Fronteirizas Europeas (ARFE) Martín Guillermo Ramírez, comprometeuse co deputado de Cooperación Transfronteiriza e director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, a dar a coñecer de maneira inmediata e directa á responsable da CE o grande impacto económico que está a sufrir o territorio

transfronteirizo do Miño polo mantemento dun único paso na fronteira para as traballadoras e traballadores da zona, unha das máis dinámicas de toda Europa. Martín Guillermo sinalou que “é preciso abrir máis pasos de maneira urxente, ademais de adoptar medidas e políticas de apoio para paliar os danos nos sectores produtivos”.

Uxío Benítez e Martín Guillermo Ramírez reuníronse telematicamente na tarde de onte, ao abeiro dos encontros impulsados polo AECT Rio Minho con diferentes actores, nun encontro no que tamén participou o vicedirector do AECT e presidente da cámara municipal de Vila Nova de Cerveira, Fernando Brito Nogueira. A Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa foi contactada como medio de facer presión para abrir a fronteira, xa que é a responsable de representar os intereses das rexións limítrofes ante as organizacións europeas e as autoridades estatais. Na actualidade reúne a máis dun cento de rexións fronteirizas e outras unidades territoriais rexionais e locais dos Estados membros da Unión Europea ou do Consello de Europa.

***O secretario xeral da Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (ARFE), Martín Guillermo Ramírez, destaca a importancia e especificidade do territorio miñoto e elevará a situación a diferentes estamentos da cúpula política europea sobre o peche da fronteira no Miño***

Benítez explicou a Ramírez as primeiras conclusións do estudo encargado á

Universidade de Vigo pola entidade transfronteiriza, que apunta que o territorio

da fronteira está a sufrir dobremente a situación derivada da

COVID-19 tanto pola restrición de movementos xerais máis polo feito de ser fronteira. O nacionalista puxo sobre a mesa que o treito pontevedrés supón o 5% da liña de fronteira con Portugal en todo o Estado Español, se ben asume o 49% de todos os tránsitos de vehículos e persoas, xa que é unha das áreas transfronteirizas máis dinámicas economicamente de toda Europa (ao estar no eixo Vigo-Porto), a que reúne máis poboación e, ao mesmo tempo, ten relacións sociais, culturais e lingüísticas moi profundas.

Martín Guillermo Ramírez loubou a iniciativa da AECT de ter solicitado un estudo de impacto socioeconómico urxente á Universidade de Vigo, unha entidade que considerou relevante, e quedou impresionado polos datos presentados. Recoñeceu, de feito, que con motivo da COVID-19 os maiores problemas polo peche da fronteira no Miño estanse a producir nos territorios nos que existen estruturas de cooperación estables e nos que as dinámicas de relación son máis intensas.

*Guillermo Ramírez aplaude que o AECT Rio Minho tivera encargado á Universidade de Vigo un estudo para coñecer o impacto económico da crise da COVID-19 no territorio*

Ante a situación, o secretario xeral da ARFE comprometeuse a interceder directamente ante a presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, para trasladarlle a problemática das rexións que están a sufrir



unha situación tan grave como a de Pontevedra e o Norte de Portugal coa limitación no tránsito de persoal laboral en Europa. Ramírez sinalou que exemplificará a difícil situación das fronteiras concretando no caso do Miño transfronteirizo e nas eurorrexións xermano-polacas dentro dun amplo dossier, xa que lle parecen os casos máis significativos. Tamén sinalou que se porá en contacto con todos os ministros de Exteriores e de Política Territorial dos países da Unión Europea para tratar de buscar unha solución aos tránstitos transfronteirizos que involucre a toda a cúpula política europea.

## **A indignación medra tralo pecha da fronteira no Miño**

O AECT Rio Minho, pola súa banda, xa iniciara os seus contactos europeos previamente. De feito, remitiu xa o pasado 30 de abril á Comisaría de Política Rexional, Elisa Ferreira, a declaración asinada por todos os alcaldes da fronteira -tanto da parte pontevedresa como da parte portuguesa- defendendo a apertura de novos pasos fronteirizos, así como un programa de paliación dos efectos económicos e sociais do Covid -19 na fronteira. Este documento fora xa remitido tamén aos gobernos centrais español e luso, ao delegado de Goberno, ao presidente da

Xunta, así como a diferentes representantes de entidades relacionados cos intereses do territorio da 'raia'.

Segundo explica o director da AECT, segundo pasan os días e a fronteira do Miño sigue mantendo un único paso aberto, a indignación medra tanto na poboación traballadora como nos representantes locais polo "agravio" con respecto a outros territorios ante a inacción dos responsables políticos. Como exemplo, Uxío Benítez, expuxo o da comunidade autónoma de Extremadura que dende o inicio do Estado de Alarma mantivo varios pasos activos na fronteira e abriu outro este pasado luns, a pesares de que o número de traballadoras e traballadores que deben circular entre Extremadura e Portugal apenas chega á cuarta parte dos do territorio do Miño.

---

## **Declaración conxunta do AECT Rio Minho ante o impacto do Covid-19**

O AECT Rio Minho trasladou aos gobernos de España e Portugal unha declaración conxunta asinada polos rexidores e rexidoras das câmaras municipais e dos concellos do territorio

**transfronteirizo do río Miño.** O documento recolle unha serie de demandas sociais e económicas, algunhas de carácter inmediato, de cara ao proceso de volta á normalidade que se desenvolverá durante as próximas semanas e meses.

Joint Statement\_English

Declaração conjunta\_ Português

Declaración conxunta \_ Galego

Declaración conjunta \_ Español

---

## **O AECT Rio Minho traslada aos governos de España e Portugal unha declaración conxunta con demandas específicas para o restablecemento da normalidade na fronteira**

O AECT Rio Minho trasladou hoxe aos respectivos gobernos centrais de España e Portugal unha declaración conxunta asinada polos representantes das câmaras municipais e dos concellos do territorio transfronteirizo do río Miño a partir das conclusións da reunión telemática mantida entre os e as rexidoras o pasado martes 28 de abril. O documento recolle

unha serie de demandas sociais e económicas, algunhas de carácter inmediato, de cara ao proceso de volta á normalidade e o restablecemento da normalidade na fronteira que se desenvolverá durante as próximas semanas e meses, segundo explicou o deputado de Cooperación Transfronteiriza e director do AECT Río Miño, Uxío Benítez.

O documento establece como prioridade **a apertura inmediata de novos pasos fronteirizos no territorio para a facilitación do tránsito dos traballadores e traballadoras** que deben cruzar cada día o río para acudir aos seus postos de traballo. Así mesmo, solicita **“o restablecemento da libre circulación entre países cando rematen os estados de alarma español e portugués,** condicionada esta aos controis de saúde necesarios”, e “no caso de que se prolongue o control de fronteiras” pide que se valore **“a posibilidade de facilitar o paso de residentes entre concellos fronteirizos”**, explicou Uxío Benítez.

**Ademais de solicitar coordinación entre ambos os Estados, o texto reclama a apertura de novos pasos fronteirizos como medida inmediata para o restablecemento da normalidade na fronteira**

Outra demanda fundamental feita polos gobernos locais é a **coordinación entre os Estados español e portugués na posta en marcha das medidas de *desescalada*, “evitando partir en dous as eurociudades existentes e os territorios transfronteirizos en xeral”**.

A declaración conxunta destaca tamén a necesidade dunha **“avaliación de danos económicos nos sectores máis afectados promovendo propostas de axuda e estudos de viabilidade”**, e a elaboración de **“políticas de**

apoio coa participación dos axentes locais e dos actores socioeconómicos do territorio”, engadiu Benítez.

“A quebra da actividade produtiva e comercializadora do sector primario, e singularmente da pesca de lamprea e da pesca marítima, deben constituír unha oportunidade para aplicar políticas de conservación e rexeneración dos recursos, que teñan efectos favorables na natureza e na xestión do recurso natural no futuro”, inclúe o texto. Neste sentido, os e as rexedoras consideran importante “pactar entre Estados unha dinámica única e coordinada, de conservación e de explotación, en termos de xustiza e de eficacia das políticas sobre o río e os recursos naturais comúns”, prosegue a declaración.

Por último, o AECT Río Miño preséntase como o **mellor instrumento para propor medidas conxuntas que non produzan desequilibrios entre ambas as beiras do río Miño polo seu coñecemento do terreo e o seu carácter internacional.**